



Resolución Reitoral do 23 de febreiro de 2017 pola que se fai pública a convocatoria dunha bolsa de formación complementaria para o estudiantado da Universidade de Vigo matriculado na Escola de Enxeñaría Forestal para o desenvolvemento de actividades en materia de medio ambiente para o curso 2016-2017.

O estudiantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 100.d dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados mediante Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo, de acordo co disposto no artigo 105 dos referidos Estatutos, poderá ofrecer ao seu estudiantado bolsas de formación nos servizos de asistencia á comunidade universitaria para desenvolver as actividades que contribúan á súa formación integral.

Por isto, estimase conveniente a tramitación dun expediente para a convocatoria de bolsas, cuxa xestión realizárase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, coa finalidade de fomentar unha mellor formación do alumnado a través do servizo que poida prestar á Comunidade Universitaria, colaborando en labores que se axusten a determinadas áreas de traballo definidas na presente convocatoria, en réxime de compatibilidade cos seus estudos e iniciándose así en tarefas vinculadas aos mesmos.

Ante a necesidade de seguir realizando actividades de formación do estudiantado,

ESTA REITORÍA

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade

RESOLVE

1. Anunciar unha convocatoria de 1 bolsa de formación complementaria na Escola de Enxeñaría Forestal en materia de medio ambiente.
2. Ordenar a publicación da devandita convocatoria no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo e na páxina <http://campuspontevedra.uvigo.es/>, xunto coa súa normativa correspondente.

A bolsa solicitarase no modelo oficial dende o día seguinte ao da publicación desta resolución e ata o 16 de marzo de 2017.

A solicitude axustarase ao modelo oficial que figura no Anexo II desta convocatoria.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta de recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra, 23 de febreiro de 2017

O reitor

Por delegación RR 07/05/2014

O vicerreitor do Campus de Pontevedra

Juan Manuel Corbacho Valente



de traballo definidas na presente
Universidade de Vigo, Rexistro
Pontevedra

Saida 003 Nº. 201700003423
23/02/2017 09:27:35

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica nos taboleiros de anuncios do Rexistro do Campus de Pontevedra, con data de 28 de febreiro de 2017.

A funcionario



BASES DA CONVOCATORIA DUNHA BOLSA PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE PARA O CURSO ACADÉMICO 2016/2017.

1. OBXECTO

O obxecto da bolsa é a formación complementaria do estudantado da Universidade de Vigo no ámbito do Medio Ambiente no Campus de Pontevedra.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

Esta bolsa está destinada ao estudantado da Universidade de Vigo que estea cursando estudos de Grao en Enxeñaría Forestal no curso 2016/2017 e manteña a condición de alumno/a destes estudos durante todo o período de duración da bolsa.

En todo caso, os solicitantes deberán ter superado o 50% dos créditos dos estudos de grao en Enxeñaría Forestal.

3. CARACTERÍSTICAS DAS BOLSAS

Os perfís das persoas candidatas para esta bolsa de formación complementaria do estudantado da Universidade de Vigo no ámbito do Medio Ambiente, deberán atender as seguintes funcións que enmarcan o contorno de formación no que se desenvolverán as mesmas:

- A busca de documentación gráfica e realización de esbozos e planos vectoriais do Campus, para o seu posterior tratamento, ben sexa en soporte papel ou dixital, ou para incorporar a Sistemas de Información Xeográfica.
- A localización e situación de especies arbóreas, catalogación e fotografado.
- A localización e situación de caixas niño, e buscas de novas localizacións.
- A busca de información e documentación sobre especies de fauna e flora existentes no Campus e arredores.
- O apoio na fabricación de letreiros coa denominación técnica e de uso común de especies arbóreas, xa sexa en soporte papel ou en madeira, mediante técnicas diversas de gravado, e a súa posterior colocación.
- O apoio na fabricación de caixas niño e posterior colocación.
- A colaboración na elaboración de publicacións.
- Outros:
 - o A participación en campañas institucionais relativas ao medio ambiente..
 - o A colaboración coa xiloteca da E.E. Forestal, con obxecto de que nun futuro se poidan programar visitas de colexios e institutos.
 - A catalogación e exposición das pezas.
 - A realización de unidade didáctica.
 - o A colaboración na busca de localización, deseño, posta en marcha e mantenza dunha posible horta ecolóxica no Campus.
 - o Outras tarefas de natureza similar ás descritas.

4. INCOMPATIBILIDADES

O goce da bolsa de formación complementaria ou colaboración é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou subsidio por desemprego.

O goce desta bolsa será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria ou de colaboración convocada pola Universidade de Vigo.

Ademais, o estudantado non poderá gozar de ningunha bolsa co mesmo obxecto, “formación complementaria ou colaboración dos estudantes da Universidade de Vigo”, por un período igual ou superior a dezoito meses, de forma consecutiva ou descontinua. Este límite terase en conta no momento de avaliación dos méritos. O cómputo do tempo como bolseiro de formación, farase por meses completos. Se a bolsa comeza antes do día 15 ou finaliza despois, incluído este, computarase como un mes enteiro para o cálculo do límite de dezoito meses.

No caso de que a persoa bolseira goce dalgunha bolsa distinta ás axudas ao estudo convocadas polo MECED, deberá solicitar ao Reitor a súa compatibilidade. En caso contrario, poderá ser causa de anulación da condición de persoa bolseira ao que se refire esta normativa.

5. DURACIÓN

A duración máxima da bolsa será de 5 meses. Comprenderá dende a resolución da convocatoria ata 31 de xullo 2017.

O número máximo de horas de colaboración da bolsa será de 20 horas semanais.

6. DOTACIÓN E PAGAMENTO

A dotación económica bruta mensual da bolsa será dun máximo de 400,00€.

Estarán suxeitas ás retencións do I.R.P.F. e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza a normativa vixente nestas materias.

Os fondos destinados a esta acción irán a cargo á aplicación orzamentaria:

2017 PON1 211E 482.11: o importe do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 2.190,30€ (2.000€ pola dotación bruta das bolsas e de 190,30€ en concepto de cota patronal).

O pagamento farase por meses vencidos. Retribuirá a actividade realizada nese período conforme o establecido nesta convocatoria sempre que o beneficiario/a estea ao corrente cos seus pagos de matrícula coa Universidade. O pago farase efectivo nos primeiros sete días do mes seguinte.

Se a actividade a desenvolver polo bolseiro en cada mes non se corresponde ás condicións fixadas nesta convocatoria e para poder adecuar o pago á actividade real realizada neste mes, a persoa titora deberá emitir un informe facendo constar a actividade realizada e achegalo a Área de Bolsas antes do día 25 do mes en curso. Este informe poderá ser tido en conta en futuras convocatorias.

7. ORGANIZACIÓN

O bolseiro ou bolseira estará baixo a responsabilidade do Vicerreitor do Campus de Pontevedra, que poderá delegar nun titor ou titora o seu seguimento.

O tempo de dedicación estará comprendido entre 10 e 20 horas semanais de colaboración, tendo en conta os períodos lectivos e non lectivos do curso académico. Excepcionalmente, trala oportuna xustificación, poderase establecer outro tempo de dedicación sempre e cando non se superen o 50% dos créditos matriculados no curso académico, de acordo co disposto no artigo 5.1.b) do Real

decreto. 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do alumnado universitario.

A dedicación de cada bolseiro/a debe adecuarse á súa carga lectiva. A persoa bolseira poderá distribuír e compensar ata un 20% das horas de dedicación entre as distintas semanas dentro do mesmo mes.

8. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTOS

As persoas solicitantes deberán cubrir o modelo oficial de solicitude que se atopa no anexo II desta convocatoria.

A solicitude presentárase no rexistro xeral e auxiliares de campus da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día 16 de marzo de 2017.

As persoas solicitantes deben presentar os seguintes documentos:

1. O impreso da solicitude debidamente cuberto.
2. A certificación académica oficial, no caso de que os estudos se realizasen noutra universidade distinta da Universidade de Vigo.
3. Resgardo da matrícula do curso 2016-2017.
4. A solicitude de compatibilidade de bolsa, no caso de alumnado que teña concedida unha bolsa distinta ás axudas ou estudo do MECD para o curso 2016/2017.
5. O informe asinado pola persoa directora, no caso de que estea realizando o proxecto fin de carreira (PFC).
6. A declaración xurada sobre o mantemento da condición de alumnado da Universidade de Vigo durante toda a duración da bolsa.
7. A fotocopia do NIF, NIE, pasaporte ou documento de identificación vixente.
8. A ficha persoal de pagamentos. (anexo III)

As persoas solicitantes tamén se lles poderán requirir que acheguen aqueles outros documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para o outorgamento da axuda.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do servizo público de educación superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo.

As persoas solicitantes están de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa e académica do seu expediente; a oferta e a prestación de servizos universitarios; a realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliacións e enquisas; o seguimento dos servizos universitarios prestados; así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e a prácticas en empresas.

O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a Universidade de Vigo no seguinte enderezo: Edificio de Xerencia-Servizos Centrais, campus universitario, s/n 36310 Vigo

(Pontevedra), de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

9. SELECCIÓN

Unha vez recibidas as solicitudes, a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra comprobará que cumpran os requisitos básicos da convocatoria e publicará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, indicando, de ser o caso, os motivos de exclusión. Daralles un prazo de cinco días hábiles para emendar os erros e achegar a documentación requirida, advertíndoselles ás persoas solicitantes que, no caso de non facelo, se lles dará por desistidos neste proceso.

O proceso de selección farase por unha Comisión de Valoración que será designada polo reitor e estará formada por:

- Juan Manuel Corbacho Valencia, vicerreitor do Campus de Pontevedra
- Celso Cancela Outeda, director da Área de Planificación do Campus de Pontevedra
- Enrique Valero Gutiérrez del Olmo, director da Escola de Enxeñería Forestal
- Luís Miguel Abal Domínguez, representante do alumnado.

O criterio xeral de valoración para poder optar a esta bolsa será ter superado DÚAS materias das clasificadas como vinculadas e que aparecen recollidas no anexo II.

Os criterios específicos de valoración que aplicará a Comisión de Valoración serán os seguintes:

1. A nota media do expediente académico. Suporá ata un máximo do 55% (calculada segundo o Resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de setembro de 2011, DOG do 30 de setembro de 2011).

2. A nota media do expediente vinculado. Suporá ata un máximo do 45% (teranse en conta todos os estudos oficiais realizados; polo contrario, os créditos validados, adaptados e recoñecidos non se terán en conta).

Para este último cálculo, teranse en conta as materias superadas polo alumnado que teñan unha vinculación directa coa materia e que veñan recollidas na listaxe do anexo II. Cada unha destas

materias multiplicarase pola cualificación obtida polo alumnado, así como polo número de créditos que teña a mesma. O resultado desta operación dividirase polo número total dos créditos vinculados.

Por último, a esta operación sumaráselle un coeficiente corrector de 0,11 por cada unha das materias superadas.

$$\text{Nota media exp.vinculado.} = \frac{\sum (\text{Cualificación} \times \text{N}^\circ \text{ créditos/materia})}{\text{N}^\circ \text{ créditos totais}} + 0,11 \times \text{materias superadas}$$

A puntuación total do alumnado será a suma dos dous apartados anteriores.

Rematado o proceso de selección, publicarase a resolución provisional de persoas candidatas, de acordo coa puntuación obtida e de persoas excluídas xunto co seu motivo. Fixarase un prazo de cinco días hábiles, que contarán dende o día seguinte á publicación, para que as persoas candidatas presenten as alegacións que consideren oportunas ante a presidencia da Comisión.

Unha vez revisadas as posibles alegacións pola comisión, publicarase a resolución reitoral de adxudicación da bolsa que conterà a listaxe definitiva da bolsa concedida, das bolsas denegadas, coas causas da denegación e a listaxe de agarda, que estará ordenada de maior a menor puntuación para cubrir as renuncias que se poidan producir.

Todas as resolucións e listaxes ás que se refire este punto publicaranse nos taboleiros do rexistro xeral e nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo, na páxina web da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, <http://campuspontevedra.uvigo.es> e na páxina web da Universidade de Vigo.

10. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

A persoa bolseira proposta presentárase á persoa coordinadora no día, no lugar e na hora indicada na resolución definitiva. No caso de que a persoa beneficiaria non se presente, entenderase que renuncia á bolsa e o seu posto será ocupado por outra persoa solicitante da listaxe de agarda segundo a orde establecida.

A renuncia voluntaria á bolsa farase por escrito e será comunicada á persoa coordinadora con un mínimo de 20 días de antelación. A renuncia sen causa xustificada, será penalizada e impedirá o acceso a outra bolsa co mesmo obxecto durante un período de 12 meses. Correspóndelle á Vicerreitoría do Campus de Pontevedra a avaliación das causas alegadas.

11. OBRIGAS DAS PERSOAS ADXUDICATARIAS

A persoa que se beneficie da bolsa ten as seguintes obrigas:

- Estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa.
- Colaborar nos programas relacionados coa bolsa.
- Comunicar calquera variación da súa situación laboral ao longo de todo o período de duración da bolsa.

12. REVOGACIÓN DAS AXUDAS

A concesión desta bolsa e a permanencia na lista de agarda, será revogada polos seguintes motivos:

- O incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria no punto 11.
- A ocultación de datos, a alteración ou calquera outra manipulación da información solicitada.
- Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade establecidas no punto 4 desta convocatoria.
- A emisión dun informe desfavorable da persoa coordinadora por incumprimento do desenvolvemento propio do obxecto da bolsa, previa tramitación dun expediente contradictorio.

A revogación da axuda, suporá, de ser o caso, o reintegro do importe da bolsa concedida ás persoas beneficiarias.

13. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Todas as dúbidas que poidan xurdir na interpretación destas normas serán resoltas pola Comisión de Valoración establecida no punto 9 desta convocatoria.

Calquera reclamación ou queixa farase chegar á Vicerreitoría do Campus de Pontevedra a través da persoa coordinadora.

O goce da bolsa suporá a aceptación do previsto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación (publicado no BOE do 27 de outubro respecto á alta na Seguridade Social).

As persoas bolsieras non adquiren ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo. A bolsa non supón ningún compromiso de cara á posterior incorporación do bolseiro ou bolseira aos cadros de persoal da Universidade.

ANEXO I

MATERIAS VINCULADAS

CODIGO	NOME DA MATERIA
G370101	Expresión gráfica: Expresión gráfica e cartografía
G370104	Fundamentos de economía de empresa
G370201	Biología: Biología vexetal
G370301	Matemáticas: Estatística
G370302	Edafoloxía
G370303	Botánica
G370304	Electrotecnia e electrificación rural
G370305	Zooloxía e entomoloxía forestal
G370401	Selvicultura
G370402	Ecoloxía forestal
G370403	Topografía, teledetección e sistemas de información xeográfica
G370404	Hidráulica
G370501	Construcións forestais
G370502	Maquinaria forestal
G370503	Proxectos
G370504	Impacto ambiental
G370505	Lexislación e certificación forestal
G370601	Aproveitamentos forestais
G370602	Dasometría
G370603	Repoboacións
G370606	Tecnoloxía da madeira
G370608	Xestión ambiental
G370701	Planificación física e ordenación territorial
G370705	Tecnoloxía do secado e conservación de madeiras
G370706	Industrias de primeira transformación da madeira
G370707	Organización industrial e procesos na industria da madeira
G370708	Innovación e desenvolvemento de produtos na industria da madeira
G370801	Xestión de espazos protexidos e biodiversidade

ANEXO II

Impreso de solicitude

Denominación da convocatoria: **Bolsas de colaboración en Medio Ambiente**

CANDIDATO/A.

APELIDOS:		NOME:	
D.N.I.:	ENDEREZO:		
C. POSTAL:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:	
CORREO ELECTRÓNICO:		TELÉFONO MÓBIL:	
TELÉFONO FIXO:	MATRICULADO/A EN:		

Nota: Co fin de facilitar a comunicación de maneira persoal, é indispensable poñer o teléfono móbil ou enderezo de correo electrónico en letras maiúsculas.

II - DOCUMENTACIÓN ENTREGADA¹

- 1.- Certificación académica de estudos realizados noutras universidades
- 2.- Solicitude de compatibilidade con outras bolsas con distinto obxecto destas
- 3.- Resgardo de matrícula
- 4.- Informe do/a director/a do proxecto fin de carreira
- 5.- Declaración xurada do mantemento da condición de alumno/a
- 6.- Fotocopia NIF, NIE ou pasaporte, en vigor
- 7.- Ficha persoal de pagamentos (segundo modelo)

Pontevedra, dede 2017

Sinatura

¹ PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais recollidos a través deste formulario, incluíranse no ficheiro Bolsa Medio Ambiente e serán obxecto de tratamento por parte da Universidade de Vigo. A finalidade de dito tratamento é a xestión das inscricións na Convocatoria de Bolsas Colaboración de Medio Ambiente. Vostede pode exercer os seus dereitos de Acceso, Rectificación, Cancelación e Oposición expresados no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos, mediante comunicación escrita enviada ao seguinte enderezo postal: Secretaría Xeral, Edificio Reitoría, Campus Universitario s/n, 36310 Vigo – Pontevedra, xunto coa documentación que se lle requira.

SR. VICERREITOR DO CAMPUS DE PONTEVEDRA

ANEXO III

FICHA PERSOAL DE PAGOS POR TRANSFERENCIA
FICHA PERSONAL DE PAGOS POR TRANSFERENCIA

DATOS PERSOAIS / DATOS PERSONALES

DATOS A CUBRIR POLO INTERESADO
DATOS A CUBRIR POR EL INTERESADO

Nº. DE CIF OU NIF (Achegar copia)
Nº. DE CIF O NIF (Adjuntar fotocopia): _____

NOME DO PERCEPTOR:
NOMBRE DEL PERCEPTOR: _____

NOME COMERCIAL:
NOMBRE COMERCIAL: _____

ENDEREZO FISCAL:
DOMICILIO FISCAL: _____

CODIGO POSTAL: _____ POBOACIÓN: _____
CÓDIGO POSTAL: _____ POBLACIÓN: _____

TELÉFONO CON PREFIJO: _____ Correo electrónico: _____
TELÉFONO CON PREFIJO: _____ Correo electrónico: _____

SELO DA EMPRESA (se procede): _____ SINATURA: _____
SELLO DE LA EMPRESA (si procede): _____ FIRMA _____

DATOS BANCARIOS / DATOS BANCARIOS

DATOS A CUBRIR POLA ENTIDADE BANCARIA
DATOS A CUBRIR POR LA ENTIDAD BANCARIA
CÓDIGO CONTA-CLIENTE / CÓDIGO CUENTA-CLIENTE

IBAN

ES									
-----------	--	--	--	--	--	--	--	--	--

(cubrir todo os díxitos do IBAN)
(cumplimentar todos los dígitos del IBAN)

ENDEREZO DO BANCO:
DIRECCION DEL BANCO: _____

Poboación: _____ C.P. _____
Población: _____ C.P. _____
Telef.: _____ Fax: _____

SINATURA E SELO DO BANCO:
FIRMA Y SELLO DEL BANCO: _____

Vigo, de de 2017

Pode descargarse en:

http://www.uvigo.gal/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/economia/Modelo_Ficha_Perceptores.pdf